

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Renda e Exaccións

Aprobación, se procede, do calendario do contribuínte do Concello de Arteixo para 2022

EDICTO

A concelleira delegada de Servizos Económicos do Concello de Arteixo propuso ao Pleno municipal, e éste acordou en data 30.12.2021, prestar aprobación ao CALENDARIO DO CONTRIBUÍNTE PARA O EXERCICIO 2022 e que cumprirá, asimesmo, coa función de publicación do anuncio de cobranza a que se refire o artigo 24 do Regulamento Xeral de Recadación, aprobado por R.D. 939/2005, de 29 de xullo, en relación cos distintos prazos de cobranza que en período voluntaria se van a outorgar aos contribuíntes para o pagamentos dos tributos que se relacionan, cuio cobro se esixe mediante padrón de forma periódica ó longo deste exercicio de 2022 polo concello de Arteixo.

PRIMEIRO.–Conceptos e prazos de ingreso correspondentes ao exercicio 2022:

Voluntaria	Inicio	Fin	Cargo en conta domiciliacións	Concepto
1	21/01/22	25/03/22	28/01/22	Taxa de auga,saneamento e depuración 4.º trimestre 2021
2	11/04/22	15/06/22	18/04/22	Taxa de auga,saneamento e depuración 1.º trimestre 2022
3	11/07/22	14/09/22	18/07/22	Taxa de auga,saneamento e depuración 2.º trimestre 2022
4	11/10/22	15/12/22	18/10/22	Taxa de auga,saneamento e depuración 3.º trimestre 2022
5	15/03/22	26/05/22	29/03/22	Taxa de lixo 2.º semestre 2021
6	15/09/22	25/11/22	29/09/22	Taxa de lixo 1.º semestre 2022

SEGUNDO.–Modalidades e lugar.

Para o cobramento dos citados tributos o Concello remitirá ó enderezo dos contribuíntes un tríptico co obxecto de que o seu importe sexa ingresado, no prazo voluntario que se indica no cadro anterior:

a) nas contas restrinxidas do Concello a través de calquera oficina das seguintes entidades colaboradoras, que admitirán ditos ingresos todos os días laborables : Abanca, Banco Bilbao Vizcaia Argentaria (BBVA), Banco Santander, Caixabank, Banco Sabadell,

b) a través da banca electrónica se é cliente dalgunha das citadas entidades colaboradoras

c) ou con tarxeta de crédito ou débito na pasarela de pagos, copiando este link no navegador <http://www.arteixoservizos/pagos-online>.

Os contribuíntes que teñan domiciliado o pagamento nunha entidade financeira, os recibos seránlle cargados na conta por eles indicada os días sinalados no cadro anterior.

As persoas que non reciban ou extravíen os trípticos mencionados poderán solicitar un duplicado nas oficinas municipais xestoras, ou por medio de correo electrónico a facturacionrsu@arteixo.org (no caso de recibos de lixo) ou augas@arteixo.org (no caso de recibos de auga) antes do remate do prazo indicado, dado que a súa non recepción non exonera da obriga de pagamento nen impide a utilización da vía de constrinximento. Asemesmo poderán solicitar do Concello canta información precisen en horario de Luns a Venres, de 9:00h a 14:00h.

Advertéselle que transcurrido o prazo de ingreso, as débedas serán esixidas polo procedemento de constrinximento, logo de devenga-lo recargo de prema, xuros de mora, e no seu caso, as custas que se produzan.

TERCEIRO.–Medios de impugnación.

O presente calendario do contribuínte para o exercicio 2022 é susceptible de impugnación na vía contencioso-administrativa por quenes sexan titulares de dereitos ou intereses legítimos, sen que a interposición do recurso interrompa a súa aplicación.

CUARTO.–Posibilidade de modificación do calendario fiscal.

Resérvase o Concello de Arteixo a facultade de modificar o presente calendario cando concurran motivos xustificados, informando de tal circunstancia ós cidadáns con suficiente antelación.

Arteixo, a 5 de xaneiro de 2022.

Asina dixitalmente a concelleira de Servizos Económicos

Patricia Amado Varela

2022/57